

## **MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**

Os concelleiros do grupo municipal socialista **D. FÉLIX GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MARCELO SÁNCHEZ SOUTO, D<sup>a</sup>. ALICIA DOMÍNGUEZ CORREA e D. MIGUEL FERNÁNDEZ GUILLADE** en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan ó pleno municipal a seguinte **MOCIÓN** ante a falta de becas comedor por parte do Concello de Salvaterra de Miño para as familias con fillos que cursan estudos nos centros públicos educativos de infantil e primaria.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O PSdeG-PSOE denunciámos a non existencia de axudas para comedores escolares neste concello que poderían paliar, en certa medida, os problemas económicos que poden carrexar os pais e as nais dos alumnos e alumnas que cursan estudos nalgún dos centros educativos de infantil e primaria polo uso da aula madrugueira e, sobre todo, do servizo de comedor.

A volta ao cole en Galicia supón un gasto dunha media de 410,71€ segundo un estudo realizado por Banqmi. O mesmo estudo indica que en Galicia os libros de texto supoñen unha media de gasto de 179,74€. Mágoa que os libros na educación obrigatoria xa non sexan gratuítos como acontecía noutras épocas ata que un goberno do Partido Popular, concretamente, Alberto Núñez Feijóo o retirase.

Todas as institucións do Estado deben promover a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, como indica o recente Real Decreto Lei 5/2023, de 28 de xuño.

Unha boa ferramenta para esta conciliación son os comedores escolares e as aulas matinais nos centros educativos. Con eles as nenas e os nenos están custodiados nos centros que ofertan plan madrugueira ou nos comedores mentres os pais e as nais poden ir tranquilos aos seus postos de traballo sen necesidade de pedir a uns terceiros que llos recollan ao rematar o horario lectivo mentres non chegan da súa xornada laboral.

A día de hoxe, dos 5 centros educativos existentes no concello, 3 contan con aula matinal (Carlos Casares, Infante Felipe e Leirado). Así mesmo, 2 centros (Infante Felipe e Leirado) contan con servizo de comedor sufragado polos pais e nais dos propios usuarios.

O gasto de ambos servizos non é asumible por parte dalgunhas familias polo seu elevado custo ou que lles supón unha maior dificultade para chegar a fin de mes.

Por iso o PSdeG-PSOE de Salvaterra de Miño cre que é xusto que se implante coa maior brevidade posible e con efectos retroactivos un sistema de axudas en concorrencia competitiva para que as familias poidan levar aos seus fillos e fillas aos comedores axudándolles a sufragar estes gastos.

Estes comedores son tamén os sitios onde se pode asegurar que os nosos pequenos e pequenas teñan unha alimentación sa e equilibrada, axuda a crear uns hábitos e horarios no xantar e fomenta o compañeirismo, entre outras moitas máis cousas.

Polo anteriormente exposto instamos ao **PLENO** a tomar o seguinte **ACORDO**:

- 1. Crear unhas bases para Becas de axuda a conciliación para sufragar gastos de comedor e aula matinal para as nenas e os nenos do municipio.**

En Salvaterra de Miño, a 22 de setembro de 2023

Asdo.: Félix González

Voceiro do grupo municipal PsdG- PSOE Salvaterra de Miño.